

4º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS-7ª SEMANA DO 5 AO 8 DE MAIO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos. Como moitos me fixestes saber, houbo unha confusión coa publicación dos exercicios resoltos. Envieivos a todos as solucións correctas por correo. Sinto o erro.

2ª SESIÓN

1.

- O tema do texto é o fútbol considerado como unha industria corrupta.
- A tese defendida por Juan L. Cudeiro é que o fútbol se está a converter nunha máquina de facer diñeiro e que as persoas que o dirixen empregan técnicas fraudulentas no seu propio beneficio.
- Os argumentos empregados son: as pescudas do FBI e da fiscal xeral dos EUA que demostran a sistemática corrupción do mundo do fútbol; as sancións aos presidentes da FIFA e da UEFA; as empresas patrocinadoras deciden deixar de estar vinculadas do fútbol pola corrupción etc.
- A conclusión á que se chega é que a paixón coa que se vive o fútbol non deixa ver que ese deporte é un teatro no que só unhas poucas persoas se enriquecen deixando de lado a ética.
- Si que cumpre as características dun texto argumentativo: presenta unha tese (l. 2) con argumentos (l. 4-34) e unha conclusión (último parágrafo).

3ª SESIÓN:

Estou recibindo os vosos textos. Aínda me faltan moitos.

Moito ámino!!!!!!!!!!